

## Os novos e premiados poemas de Xurxo Alonso

**Publicamos HORA DE PENUMBRA, o novo libro do poeta e pintor Xurxo Alonso, obra que recibiu en 2019 o 1º PREMIO do IIº CERTAME DE POESÍA TORRE DE CALDALOBA convocado polo Concello de Cospeito e a Asociación Cultural de Pino.**

FICHA TÉCNICA: 56 pp. 14 x 21 cms.  
ISBN 978-84-16460-92-2 PVP: 9,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, DECEMBRO DE 2020.- *Hora de penumbra* é o título do novo libro de poemas do escritor e pintor Xurxo Alonso. Recibiu en 2019 o primeiro premio do IIº Certame de Poesía Torre de Caldaloba que convocan anualmente o Concello de Cospeito (Lugo) e a Asociación Cultural de Pino, en colaboración con Culturalia GZ.

Ao longo de 27 poemas, Xurxo Alonso pousa unha ollada renovada sobre os grandes interrogantes do ser humano: o pasar do tempo, o amor, a morte... O xurado destacou nesta obra a “sólida arquitectura versal”, a “forza dos símbolos empregados” e o “amplo caudal de intertextualidades” das composicións poéticas.



XURXO ALONSO é poeta e pintor. Naceu en Buenos Aires en 1956 e reside dende os oitos anos en Vilagarcía de Arousa. Entre a súa obra literaria cómpre destacar *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002), Premio Jóhán Carballeira; *Cidades de area* (2005), Premio Fermín Bouza Brey; *Breviario de Aldemunde* (2005), Premio de Poesía do Concello de Carral e *Cartas da fronteira* (2017), Premio de Poesía Cidade de Ourense. En 2019 recibiu por segunda vez o Premio de Poesía do Concello de Carral por *En luz escrita* e o Torre de Caldaloba do Concello de Cospeito por *Hora de penumbra*.

**Contacto co autor: [xurxoalonsog@gmail.com](mailto:xurxoalonsog@gmail.com) - 986 50 06 80**

